



## EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO DO CONCELLO DE BETANZOS (A CORUÑA)

Praza Galicia, 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29

### CERTIFICA:

Que o Pleno da Corporación do Concello de Betanzos, en sesión ordinaria de data vinte e nove de novembro de dous mil dezaseis adoptou, entre outros o seguinte ACORDO, que na súa parte dispositiva di:

#### 3.- Proposta para ratificación da declaración de María Pita para a conformación da Área Metropolitana da Coruña

Preséntase a consideración do Pleno proposta do concelleiro delegado D. Antonio Vázquez Lorenzo, de data 22 de novembro de 2016, que ven ditaminada pola Comisión informativa de programación realizada o luns 28 de novembro de 2016, sobre ratificación da declaración de María Pita para a conformación da Área Metropolitana da Coruña, que transcrita literalmente di así:

"A principios do ano 2016; concretamente nos meses de xaneiro, marzo e abril a alcaldesa de Bergondo e os alcaldes de Abegondo, Arteixo, Betanzos, Cambre, Carral, A Coruña, Culleredo, Oleiros e Sada reuníronse para impulsar os traballos para a construcción dunha estratexia que afronte os retos más relevantes da Coruña metropolitana; sobre a base da articulación de políticas públicas.

Nestas reunións acordouse, en primeiro lugar, establecer os ámbitos de cooperación e complementariedade entre a estratexia de desenvolvemento urbano da cidade da Coruña e as desenvolvidas polo Consorcio ou a Mancomunidade de Concellos da área metropolitana. En segundo lugar, acadouse un amplio consenso en relación á recuperación ambiental e da biodiversidade das rías e as súas contornas litorais. En terceiro lugar, impulsouse a coordinación das actuacións en políticas de desenvolvemento territorial, en especial aquelas que teñen que ver coa planificación urbanística e cos servizos de transporte e mobilidade. En cuarto lugar, apostouse por proporcionar un enfoque metropolitano á xestión dos servizos públicos, formulándose unha proposta de obxectivos de acción mancomunada sobre a avaliación, a análise e, no seu caso, a adopción de medidas coordinadas a nivel de área metropolitana en relación con servizos de interese común, en especial os relativos ao ciclo ambiental da auga e á xestión e o tratamento dos residuos urbanos.

Así pois, entendendo que se estaba diante dunha vía de construcción da área metropolitana, partindo da construcción real de estratexias, clima, consensos e accións de carácter metropolitano, convixuntas e compartidas e baseadas na articulación das políticas públicas municipais, a instancias do alcalde da Coruña, o pasado día 20 de outubro de 2016 os alcaldes de Betanzos, Cambre, A Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada e alcaldesa de Bergondo asinaron a chamada "Declaración de María Pita", coa que propuxeron e coa que se comprometeron a dar comezo e a impulsar o proceso de conformación da Área Metropolitana da Coruña.

Por todo o anterior, propóñese ao Pleno da Corporación Municipal de Betanzos a adopción dos seguintes acordos:

- 1º Ratificar con carácter institucional a declaración asinada o día 20 de outubro de 2016 denominada "Declaración de María Pita", manifestando a súa vontade política de impulsar o proceso de conformación da Área Metropolitana da Coruña.
- 2º Acordar a iniciación formal do procedemento ao que se refire o artigo 122 da Lei 5/1997, tal e como se recolle da "Declaración de María Pita"
- 3º Instar ao Concello da Coruña a que inicie o procedemento ao que se refire o artigo 122 da Lei 5/1997, tal e como se recolle da "Declaración de María Pita"
- 4º Facultar ao Alcalde ou a/ao Concelleira/o na/o que delegue a realizar os trámites oportunos para o cumprimento dos presentes acordos"



## EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS

Praza Galicia, 1  
Teléfono: 981 77 00 11  
Fax: 981 77 65 29

Xa no debate (...)

O presidente somete o asunto a votación co conseguinte resultado:  
**Aprobado por mayoría absoluta da Corporación.**

**Votos emitidos: 16**

**Votos a favor: 11 [PSOE (7), BN (2), BNG (1), Betanzos en Común (1)]**

**Votos en contra: 0**

**Abstencions: 5 [PP (5)]**

E para que conste aos efectos oportunos, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2.568/1986 de 28 de novembro, no senso de que o borrador da acta da sesión expresada non foi aínda sometida a aprobación, e a reserva dos termos que resultan da mesma, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. alcalde, en Betanzos o un de decembro de dous mil dezaseis.

Vº e pr.  
O alcalde-presidente

Asdo.: José Ramón García Vázquez

